

---

PLAN  
DE  
ATENCIÓN  
Á  
DIVERSIDADE  
**CEIP SAN SALVADOR DE TEIS**  
CURSO 2020/ 2021

---

## **ÍNDICE**

- 1- INTRODUCCIÓN**
- 2- NORMATIVA DE REFERENCIA**
- 3- XUSTIFICACIÓN**
- 4- CONTEXTO**
- 5- OBXECTIVOS**
- 6- PROCESO E MEDIDAS DE INTERVENCIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**
  - a. COÑECEMENTO**
  - b. PLANIFICACIÓN**
  - c. INTERVENCIÓN**
- 7- ESTRATEXIAS GLOBAIS DE RESPOSTA Á DIVERSIDADE**
- 8- PAUTAS E OBXECTIVOS DE INTERVENCIÓN XERAIS EN FUNCIÓN DAS NEAE DO NOSO ALUMNADO**
- 9- CONCRECIÓN DO PLAN**
- 10- ADPATACIÓN DE INDICADORES POLA PANDEMIA**

## 1.- INTRODUCCIÓN

Dende a nosa condición de escola pública debemos facer fincapé na importancia das condicións e capacidade de organización escolar que fagan posible a inclusión. A existencia de alumnado diverso nas aulas é a realidade da que debe partir calquera proceso de ensino-aprendizaxe. A diversidade é un valor que a escola debe poñer ao alcance de todos e todas. Todo o alumnado ten necesidades e a escola debe ser un ámbito onde a resposta a esas necesidades lles permita progresar segundo as súas características persoais e sociais. Por elo, e no intento de dar solución ás demandas educativas do noso alumnado, elaboramos o presente Plan de Atención á Diversidade.

Dada a situación de pandemia na que nos atopamos, faremos unha consideración especial e unhas pautas para o alumnado que presenta neae.

Este alumnado que presentaba xa neae, dificultades de aprendizaxe ou situacións persoais adversas e desventaxas sociofamiliares, é moito máis vulnerable á esta nova situación e sufrirán dun xeito máis acusado as consecuencias da situación vivida, agravando probablemente a súa situación persoal:

- Alumnado que presenta dificultades asociadas a experiencias adversas previas á situación de catástrofe e que conta con escasos recursos de apoio persoal, social ou familiar para facerlles fronte ( pobreza, maltrato, familiares próximos con trastornos mentais ou adiccións...).
- Alumnado con alteracións do comportamento.
- Alumnado con TDAH, impulsividade, trastorno negativista desafiante...
- Alumnado con TEA, por presentar maior nivel de estrés e ansiedade diante dos cambios nas súas rutinas habituais.
- Alumnado con medo a saír dun entorno seguro (moito tempo no contexto familiar) e con dificultades para adaptarse á nova normalidade.
- Outro alumnado que sufra consecuencias asociadas ás nomeadas antes e que terá que atender puntualmente e de xeito específico ( ansiedade de separación, trastornos obsesivos, ansiedade postraumática...).

Para unha atención axeitada deste alumnado precisarase a colaboración de servizos externos e profesionais de índole social e sanitaria así como a colaboración de todo o profesorado que incide neles.

Analizados os datos do alumnado escolarizado no noso centro no curso 2020-2021 con NEAE, tendo en conta as súas características e necesidades, establécense medidas concretas e orientacións específicas para a súa incorporación ao centro tras a crise sanitaria da COVID-19:

### **ALUMNADO TEA**

Con este alumnado debe primar o aspecto **social e emocional, adquisición de rutinas e hábitos, apoiándose nas fortalezas de dito alumnado.**

#### **NO ENTORNO FAMILIAR.**

As familias intentarán colaborar neste tránsito axudando a:

- Anticipar a volta ao centro educativo e á nova situación que se van a encontrar. Recomendamos ás familias, proporcionar explicacións breves e sinxelas, sempre tendo en conta o nivel de comprensión e madurez, tendo especial coidado co alumnado máis aprehensivo. O centro fará chegar, previo ao inicio das clases, o protocolo establecido con un resumo das medidas de hixiene e normas básicas adaptadas á nova situación para que poidan facer esta anticipación. Para elo recoméndase recorrer a apoios visuais\*: debuxos ou imaxes para antes de saír de casa e para o regreso. (\* Estes apoios visuais serán elaborados no centro polo departamento de orientación en colaboración coas familias).
- Ir axustando na casa os horarios á rutina escolar.
- Falarlles da Covid-19 con normalidade, sin esaxerar nin quitarlle importancia, e traballar as medidas preventivas de seguridade.
- Usar un calendario para a anticipación do inicio das clases.

#### **NO ENTORNO ESCOLAR.**

Será necesario estruturar e organizar o entorno escolar, sinalando os espazos do centro, indicando el sentido de la marcha para desprazarse, coa colaboración dos/as especialistas que traballan con eles/elas.

Fixar soportes visuais coas instrucións de seguridade indicadas nos espazos que corresponda:

- Marcar fisicamente a distancia entre mesas e cadeiras do alumnado.
- Instrucións visuais para poñer e quitar a mascarilla, así como os espazos nos que é obrigatorio o seu uso.
- Instrucións visuais en todos os baños indicando o proceso de lavado de mans.

- Establecer un saúdo de benvinda e despedida que garanta o distanciamento co alumnado do seu grupo clase.
- Ter previsto na aula, sempre que sexa posible, espazos, recuncho para a relaxación con caixas de relaxación personalizadas, para aquel alumnado que o necesite.
- Acompañar ao alumno ao espazo exterior para explicarlle a zonificación do recreo e as quendas para o seu uso por cursos, sobre todo os primeiros días de clase. Isto favorece o control da ansiedade.
- Establecer un período de adaptación na volta ao centro, modulando os niveis de exixencia académica de modo gradual, creando un hábito de traballo paulatino e de forma simultánea coas medidas de seguridade e a estrutura do centro, explicándolle a nova situación mediante historias sociais, xa sexa coa titora ou co profesorado de apoio.

#### FAMILIA E ESCOLA

- Anticipar o recoñecemento da nova aula e profesora/ra titor/a, para elo o centro facilitará, antes do comezo das clases, unha foto da profesora titora para anticipar e facilitar o encontro titora-alumno o primeiro día.
- Establecerase un contacto coa familia para recoller a información importante sobre a situación personalizada do alumnado con TEA: as dificultades durante o período de confinamento, problemas específicos, medos, posibles alteracións de comportamento... , todo elo para telo en conta no centro escolar e que a adaptación do alumnado se poida realizar de forma personalizada. Dende o DO facilitarase á familia unha proposta de documento para a recollida destes datos.
- Si se considera necesario, pode contemplarse unha visita previa do alumnado TEA ao centro, á súa aula, á súa nova titora, ... previa ao inicio das clases.
- A nivel familiar, pode ser útil que vaia vendo aos seus compañeiros/as, si é posible no entorno cercano, para que se vaia familiarizando novamente co contacto, y así tamén ir practicando coas novas medidas de seguridade (uso de mascarillas, xel, distancia social...).
- Pode ser necesario un período de adaptación respectando o ritmo de cada alumno/a á incorporación á dinámica escolar.
- Falarlles sempre en positivo do centro e dos/as titores/as que lles corresponderon.
- Traballar de xeito individualizado a incorporación de hábitos preventivos establecidos no protocolo escolar. (\*O DO facilitará material visual ao profesorado titor e familia)
  - Uso da mascarilla.

- Hixiene de mans (lavado e uso de xel hidroalcohólico).
- Manter as distancias de seguridade.

Hai que ter moi en conta neste traballo os posibles problemas sensoriais do alumnado con TEA (dificultades co olor das mascarillas, xeles, guantes, tacto dos mesmos, etc....).

Traballo das emocións. (\*)

Están previstas as intervencións para garantir o benestar emocional no programa de acollida. Nestas sesións, será necesario contar na aula co profesorado de apoio (profesora de AL/PT) para axudar a titora co desenvolvemento da sesión, a través de apoios visuais para facilitar a expresión de como se sentiu durante o seu período de confinamento e comprobar si estas emocións seguen estando presentes.

Prestar especial coidado a este alumnado se presenta medos, inseguridades, confusión por excesiva información ou mala información, ansiedade... Estes aspectos haberá que abordalos inicialmente para favorecer a incorporación con éxito á dinámica escolar.

### **ALUMNADO CON TRASTORNO DO DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL**

Non precisará de normas específicas diferentes ao resto de alumnado, pero si será preciso adaptar a forma de presentación da información, garantindo a plena comprensión e interiorización de ditas normas.

Haberá que ter en conta:

- Para as persoas con TDI pode ser máis difícil comprender e aprender cousas novas.
- É importante para as persoas con TDI que a información sexa o máis clara posible e fácil de comprender, polo que recomenda acompañar de explicacións verbais.
- Usar palabras fáciles de comprender que este alumnado coñeza, evitando os tecnicismos e palabras difíciles.
- Ten que estar contemplado igualmente a posibilidade de que necesiten recordatorios periódicos das normas.

Polo anteriormente exposto, será preciso unha sesión individualizada co alumno, preferentemente coa profesora de PT, na que se traslade a seguinte información:

- Normas de hixiene
- Normas de uso da mascarilla

- Necesidade de manter o distanciamento ao longo de toda a xornada escolar, polo que non se poderán mover as mesas e cadeiras
- Zonificación do patio
- Entradas e saídas do centro
- Uso dos baños
- ....
- Si fose necesario, se contempla o uso de soporte visual nas explicacións e facelo en diferentes sesións para reforzar e asegurar a interiorización.

**Particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente debe de extremar en relación co alumnado. As medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia.**

Será necesario que todo o persoal docente entenda que o período de adaptación debe ser individualizado, entendendo que existen ritmos e circunstancias persoais que poden marcar a existencia de diferentes ritmos no período de adaptación, polo que será preciso respectar o ritmo de cada alumno/a na incorporación á dinámica escolar e sobre todo tendo en conta a situación excepcional vivida e o tempo transcorrido dende o último día de clase presencial.

Persoal docente

Será responsabilidade de todo o profesorado colaborar no período de adaptación do alumnado, especialmente coa adaptación do alumnado con NEAE e/ou alumnado novo no centro.

Priorizaranse as actividades e intervencións que vaian encamiñadas ao coidado emocional do alumnado fronte as académicas.

Encoméndase tarefas de :

- Observación do estado emocional, estando especialmente pendentes de cambios e estados anímicos que podan indicar problemas na xestión emocional. Nese caso será comunicado á persoa titora e/ou departamento de orientación.
- Facilitar o período de adaptación á nova situación axudando na interiorización das novas normas con tarefas de información e recordatorios sobre as normas en caso de alumnado con máis dificultades.
- Colaboración co profesorado titor para garantir a aplicación do protocolo co alumnado NEAE.

## 2.- NORMATIVA DE REFERENCIA

- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Primaria.
- Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Real Decreto 943/2003, de 18 de julio, por el que se regulan las condiciones para flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para los alumnos superdotados intelectualmente.
- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOE (BOE do 4 de maio).
- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 27/04/98).
- **Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 99/2006, do 15 de xuño, polo que se regula a planificación, estrutura, organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos (DOG do 19/06/2006).
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten



as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13/07/2007).
- Decreto 374/1996 de 17 de outubro (DOG 21), Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e CEIP.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio (DOG 25/05/2010), para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde de 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de xullo de 2007 pola que se establece o número de unidades e postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial (DOG do 26/07/07).
- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG do 24/07/07).
- Orde de 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na ESO (DOG do 21/08/07).
- Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 12/09/07).
- Orde do 16 de febreiro de 2009 pola que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais (DOG 30/01/2003).

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización ( DOG 19/12/96).
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG07/11/95).
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.

### **3.- XUSTIFICACIÓN**

Tal como se establece no Decreto 229/2011, do 7 de decembro ,a atención educativa á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todo o alumnado.

No Título II, Capítulo III, artigo 16 do decreto 105/2014, establécese que para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

En consecuencia, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que os centros educativos deberán ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais, no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

Na orde de 23 d xullo de 2014, no artigo 14 ( principios metodolóxicos) tamén se fai referencia a estes aspectos relacionados coa diversidade do alumnado, indicando a necesidade de adaptar as realizacións das avaliacións ás necesidades daqueles que presenten neae.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a Consellería competente en materia de educación. Os centros educativos deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

A educación comprensiva asegura o acceso a un tronco común de ensinanzas igual para todos e para todas, así como a igualdade de oportunidades de todo o alumnado, independentemente da súa orixe social, etnia, sexo ou outras características individuais.

Para que a educación non sexa discriminatoria hai que introducir un principio corrector que teña en conta as diferenzas de punto de partida debidas tanto á orixe étnica ou social como ás capacidades persoais ou á historia académica. Este principio corrector consiste na atención á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado, e ás diferenzas de motivacións e intereses.

O concepto de neae está en relación coa idea da diversidade dos/as alumnos/as. A Educación Especial forma parte das ensinanzas de réxime xeral, consagrando os principios de normalización e integración. O sistema educativo debe dispoñer dos recursos necesarios para que o alumnado con necesidades educativas especiais, temporais ou permanentes, poida acadar, dentro do mesmo sistema, os obxectivos establecidos con carácter xeral.

No libro branco establécese que en Educación Infantil a atención debe ser basicamente preventiva e compensadora de todas as circunstancias, aspectos ou factores que teñan incidido na aparición e desenvolvemento de determinadas dificultades que

soen afectar aos procesos básicos, a conducta, a linguaxe e a comunicación así como á mobilidade.

Na Educación Primaria pórase énfasis no desenvolvemento da socialización, autonomía de acción e adquisición e desenrolo de técnicas instrumentais.

A aula debe ser un contexto inclusivo no que se dea resposta á diversidade empregando para elo unha metodoloxía que facilite a participación activa do alumnado, a motivación, a significatividade e funcionalidade da aprendizaxe, a cooperación e colaboración entre os compañeiros e a consecución do éxito académico.

En canto se detecten dificultades de aprendizaxe nalgún alumno ou alumna, o centro educativo deberá por en funcionamento as medidas de reforzo educativo que se consideren máis convenientes e que poderán ser tanto organizativas como curriculares. Entre estas medidas encóntranse o apoio dentro do grupo ordinario, o apoio ocasional fóra do grupo ordinario, os agrupamentos flexibles e as adaptacións do currículo. Estas actuacións priorizaranse en función dos recursos humanos disponibles.

#### **4.- CONTEXTO**

O CEIP San Salvador de Teis, é un colexio público, dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia , ubicado na Avda de Galicia nº 181 do barrio de Teis de Vigo. Trátase dun centro de Educación Infantil e Primaria con integración de alumnado dos arredores. O alumnado ten idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos. Consta de 2 unidades de Educación Infantil, 5 unidades de Educación Primaria, 1 aula de Educación Especial, 1 aula de Audición e Linguaxe, aulas de Música, de Inglés e de Educación Física e Biblioteca, así como comedor e transporte escolar.

Ten xornada continuada de 9 a 2 con 5 sesións diarias de 50 minutos.

Polas tardes a ANPA organiza actividades extraescolares cando a situación covid o permita.

O alumnado deste centro procede de familias cunha situación económica media-baixa. A maioría son traballadores por conta allea, en fábricas, construción e servizos. O ambiente familiar, económico e afectivo foi tradicionalmente estable, pero ano tras ano observamos a aparición de conflitos e problemas que inflúen na tarefa educativa e na relación co colexio.

O número total de alumnos/as é 114 e de profesores/as 14. O Centro conta cun orientador compartido co ceip Eduardo Pondal (luns, mércores, venres e martes pola

tarde alternos), unha especialista en Audición e Linguaxe compartida( luns, mércores e venres ) e unha especialista en PT a tempo completo.

Temos un alumnado diverso: 2 alumnos con Trastorno dentro do Espectro do Autismo, 6 con Dificultades Específicas de Aprendizaxe, 2 con Trastorno do Desenvolvemento Intelectual, 2 con enfermidades raras, 10 con TDAH, 2 con Altas Capacidades e outros con dificultades articulatorias.

Está en funcionamento un proxecto de horto escolar aberto a toda a comunidade educativa, prantexado como un recurso para traballar tanto os aspectos estritamente curriculares como a creación dos hábitos de alimentación e medioambientais, así como o desenvolvemento de actitudes e valores cara á sostenibiliade do medio ambiente.

Existe tamén unha estreita colaboración cos servicios sociais do Concello de Vigo e con institucións como o Sergas, Cáritas, Plan Comunitario de Teis, Asdegal e Jesuitas. Tamén se conta co asesoramento e axuda dos Equipos de Orientación Específicos con sede en Pontevedra. Faise un intercambio periódico de información cos gabinetes que atenden alumnado do noso colexio

## **5.- OBXECTIVOS**

- Axudar ao equilibrio emocional-afectivo do alumnado en xeral e con atención especial ao que presenta neae.
- Posibilitar o acceso ao currículo de todo o alumnado.
- Priorizar as medidas ordinarias e de carácter normalizador dende o criterio de flexibilidade organizativa.
- Diseñar respostas educativas para o alumnado con neae.
- Aproveitar adecuadamente os recursos humanos existentes no centro.
- Establecer uns criterios pedagóxicos que orienten as medidas a adoptar co alumnado con neae.
- Coordinar medidas de apoio ao alumnado con neae.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con neae.
- Aceptar e valorar as diferenzas individuais do alumnado como un feito de enriquecemento da comunidade educativa.

- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno/a.
- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Establecer cauces de colaboración entre os/as diversos/as mestres/as que interveñen na atención ao alumnado con necesidades especiais.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro para facilitar unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado.
- Coordinar con institucións e organismos externos ao Centro.

No Decreto 229/2011 establece os seguintes obxectivos estratéxicos:

- a) Facer realidade a aprendizaxe permanente e a mobilidade dos educandos.
- b) Mellorar a calidade e a eficacia da educación e da formación.
- c) Promover a equidade, a cohesión social e a cidadanía activa.
- d) Incrementar a creatividade e a innovación, incluído o espírito empresarial, en todos os niveis da educación e da formación.

## TIPOLOXÍA DA RESPOSTA EDUCATIVA

A resposta educativa debe deseñarse a partir da realidade do noso alumnado ( alumnos con TEA, con síndrome específicos con dificultades de aprendizaxe, con Trastorno do Desenvolvemento Intelectual, con TDAH, talentosos, e con situacións sociais desfavorecidas, ) .

Nós optamos basicamente pola adaptación dos métodos de ensinanza ou ensinanza adaptativa. O noso marco é a escolaridade obrigatoria , na que deben plantexarse obxectivos e aprendizaxes que teñen que garantirse para todo o alumnado. Aínda que estes obxectivos se poden acadar de xeito diferente, para o que é preciso proceder a plantexar e planificar unha serie de procedementos e estratexias que permitan levar a cabo en cada intre a acción educativa. Cómpre ter en conta sempre as diferenzas individuais dende unha concepción interaccionista que contemple simultaneamente os ámbitos cognoscitivo, afectivo e relacional. Atendemos as características propias, únicas de cada alumno/a e ao seu xeito de reaccionar.

## **6.- PROCESO E MEDIDAS DE INTERVENCIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

## **A. COÑECEMENTO**

- a. Dos alumnos/as e a súas necesidades.
- b. Do grupo.
- c. Dos recursos.

Farase a través dos equipos de profesores: titor/a, profesores especialistas e Departamento de Orientación.

Os/as titores entregarán un documento cumplimentado de observación inicial do grupo ao xefe do DO .

Cando o profesorado detecte posibles dificultades na aprendizaxe por parte dalgún alumno/a, tomará as medidas ordinarias de reforzo e , de persistir, informará á familia da necesidade dunha avaliación por parte do orientador, solicitando a súa conformidade conforme ao protocolo establecido (firma da solicitude). Respetarase sempre a confidencialidade dos documentos elaborados despois da avaliación psicopedagóxica.

## **B. PLANIFICACIÓN**

- a. Proxecto Educativo de Centro.
- b. Programacións ( Unidades didácticas; proxectos de traballo) nas que se contemple como prioridade o traballo por competencias e a aprendizaxe cooperativa.
- c. Plan de Acción Titorial.
- d. Plan de Orientación.

## **C. INTERVENCIÓN**

### **C-1-PREVENTIVAS**

Tratan de impedir ou superar as dificultades iniciais dos/as alumnos/as.

Supoñen simples axustes do currículo con adaptacións non significativas que afectan aos procedementos de ensinanza e avaliación, selección dos contidos, tempos de adicación á ensinanza-aprendizaxe, ensinanza e aplicación de técnicas de traballo intelectual e potenciación da acción titorial.

- Avaliación inicial : para ter unha síntesis informativa das competencias curriculares e das características persoais dos/as alumnos/as.  
Farase coas aportacións dos/as profesores/as, titores/as e D.O.
- Potenciación da acción titorial e colaboración e implicación das familias no proceso den ensino-aprendizaxe.

- Emprego de estratexias metodolóxicas que favorezan a participación de todo o alumnado (aprendizaxe cooperativa, tutoría entre iguais...).
- Introducción como materia a clase de lingua de signos para todos os membros da comunidade educativa ( alumnado, profesorado , persoal non docente e familias).
- Coordinación entre o profesorado do centro e fóra do centro que inciden sobre o alumnado.
- Establecer unhas estratexias básicas para comunicar coas persoas con problemas de audición.
- Situación do alumnado dentro da aula nun lugar que minimize as súas dificultades.
- Facilitar a información xeral e específica ao alumnado con dificultades na interpretación e procesamento auditivo e lingüístico.
- Ofrecerlle ao alumnado con neae un entorno acolledor de aceptación e aprecio favorecendo a comunicación e a autonomía.
- Tramitando todas as axudas que ofrece a administración para mellorar a atención ao alumnado con neae.
- Detección temperá ( en infantil) do alumnado con dificultades de adaptación e valoración para unha intervención.

## **C-2-EDUCATIVAS**

- ORDINARIAS: referidas aos procedementos tanto de ensinaza e avaliación coma ás intervencións educativas do profesorado.

As características destas medidas de carácter ordinario son:

- Ser preventivas.
- Estar incorporadas á organización e a programación ordinarias.
- Afectar ao conxunto do alumnado.
- Deben dar cabida ás diferenzas individuais nos ámbitos cognoscitivo, afectivo e relacional.
- Deben atender á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado.



- Deben ser medidas acordes cos principios básicos dunha escola comprensiva e inclusiva.

No Decreto 229/2011 explícanse como medidas de carácter ordinario as seguintes:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
  - b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
  - c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
  - d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
  - e) Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
  - f) Desdobramentos de grupos.
  - g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
  - h) Programas de enriquecemento curricular.
  - i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
  - j) Programas de recuperación.
  - k) Programas específicos personalizados.
  - l) Programas de habilidades sociais.
- EXTRAORDINARIAS: dirixidas aos/as alumnos/as que presentan maiores dificultades.

Levaranse a cabo polos/as profesores/as de ciclo, tutores/as, profesores/as especialistas e Departamento de Orientación.

Consistirán en apoios individualizados, dentro ou fóra da aula; grupos de apoio atendidos por profesores/as con horas a disposición e atención específica polos/as especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

O xefe do DO fará unha valoración diagnóstica para intentar axustar as medidas educativas ás necesidades do/a alumno/a e, a partir da observación realizada, fará a proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de apoio (Pt e Al). Esta proposta será aprobada polo equipo directivo e informada ao claustro e consello escolar gardando a confidencialidade dos datos persoais.

As características destas medidas de carácter extraordinarios son:

- Aplícanse sobre alumnos/as concretos.
- Precisan cambios no currículo ou na súa organización.
- Case sempre necesitan de recursos específicos de espazos e de profesorado.
- Son aplicadas ao remate dun proceso de avaliación e de aplicación de outras medidas educativas de menor alcance.
- Deben deseñarse para proporcionar a máxima individualización da ensinanza.
- Deben permitir atender as diferenzas individuais nos ámbitos cognoscitivo, afectivo e relacional.
- Deben permitir a atención individualizada á diversidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado.
- Deben permitir atender á diversidade nas últimas fases de concreción e posta en práctica do currículo.
- Deben permitir unha actuación coordinada das diferentes instancias de planificación e decisión da práctica educativa: insepcción, equipos específicos, servizos de apoio , equipos directivos e equipos docentes.
- Poranse en práctica só despois de ter esgotadas as posibilidades ofrecidas pola vía ordinaria.

No Decreto 229/2011 explícanse como medidas de carácter extraordinario as seguintes:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

### **C-3-DE RECUPERACIÓN E REFORZO**

Partindo da avaliación psicopedagóxica que é un proceso contínuo no que interveñen todos os membros do equipo educativo tendo en conta: resultados académicos; avaliación da competencia curricular e das dificultades instrumentais e características persoais dos/as alumnos/as.

Estos datos serán obtidos polos/as profesores/as tutores/as, de área e especialistas coa coordinación do Departamento de Orientación, para o cal cubrirán un rexistro de observación facilitado polo xefe do DO.

Poden ser:

- Formación de grupos específicos:
  - Apoio a un grupo reducido de alumnos/as, organizados polo DO e atendidos por profesorado con horas a disposición do Centro. O tempo de atención será flexible e variable.
- Atención individualizada por parte dos/as profesores/as especialistas cos profesores de área dun xeito simultáneo ou por alumnos aventaxados en sistema de tutoría.
- Atención individual dirixida a alumnos/as con graves dificultades de aprendizaxe ou de acceso ao currículo. Será impartida polos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe previa avaliación feita polo Xefe do Departamento de Orientación.
- Adaptacións Curriculares. Son medidas extraordinarias propostas para un/unha alumno/a específico/a con nee que supón a modificación de elementos prescriptivos do currículo: obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Serán decididas polo equipo de profesores/as a proposta do/a titor/a unha vez esgotadas outras medidas ordinarias.

A conveniencia virá determinada pola avaliación psicopedagóxica.

Será responsabilidade do/a profesor/a de área ou materia co asesoramento do Departamento de Orientación intentando integrala o máis posible nas accións educativas do grupo ordinario.

Ten que ser presentada pola dirección do Centro e aprobada pola Inspección Educativa. Na solicitude da ACI deberá figurar o acordó do equipo de ciclo ao que petece o/a alumno/a e a autorización dos pais.

Os obxectivos e contidos deberán ser adaptados aos intereses e capacidades do/a alumno/a, e ser o máis próximos posibles aos obxectivos xerais.

Os principios metodolóxicos terán en conta os intereses do/a alumno/a, que as actividades sexan axeitadas, que o enfoque sexa globalizador, que teña en conta diferentes vías de información (visual, auditiva...), que teña en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles e as posibilidades de agrupamentos flexibles.

A avaliación farase seguindo os criterios establecidos e os obxectivos xerais de ciclo, curso e etapa de referencia, emitindo un informe no que se faga constar os logros e as dificultades atopadas no proceso.

## **7.- ESTRATEXIAS GLOBAIS DE RESPOSTA Á DIVERSIDADE**

### **EDUCACIÓN INFANTIL**

A Educación Infantil persegue o dobre obxectivo de potenciar ao máximo as posibilidades de desenvolvemento do alumnado e dotalo das competencias, destrezas, hábitos e actitudes que facilitan a súa posterior adaptación á Educación Primaria.

O carácter preventivo é básico nesta etapa, tanto a detección precoz como a posterior atención temperá proporcionarán a resposta educativa precisa para o alumnado con nee.

Faremos fincapé nesta etapa:

- Na compensación dos desaxustes afectivos e emocionais.
- Nos procesos de adaptación ao entorno.
- No potenciamento do desenvolvemento motor (conductas motrices de base, conductas perceptivomotrices e conductas neuromotrices).
- No potenciamento e compensación na adquisición de hábitos.
- Na compensación do desenvolvemento do xogo.
- Na compensación do desenvolvemento social e as habilidades sociais.
- Na necesidade de responder a situacións derivadas do medio sociocultural desfavorecido.
- Na necesidade de desenvolver e compensar a comunicación non lingüística.
- Na necesidade de desenvolver e compensar a comunicación lingüística.
- Na necesidade de desenvolver as habilidades representacionais.

- Na necesidade de compensar e potenciar a aprendizaxe de segundas linguas.
- Nas necesidades vinculadas ao acceso ao currículo.
- Na necesidade de potenciar a relación coas familias.

Nas programacións de aula, en relación coas nees dos/as alumnos/as conviría que as/os profesoras/es:

- Realizaran propostas globalizadoras: prever espazos que permitan traballar un mesmo tema a alumnos/as con distintos intereses e capacidades; organizar os contidos tendo en conta a necesidade de individualizar as intervencións educativas e facilitar a realización de actividades de xeito autónomo.
- Organizar os contidos e secuencialos tendo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe dos/as alumnos/as.
- Seleccionar axeitadamente os recursos para que se adapten as nees e sexan coherentes co plan.
- Planificar interaccións para que os/as alumnos/as teñan modelos que imitar, poidan contrastar distintos puntos de vista e para poder controlar o traballo en común.
- Tempo: planificar momentos de traballo globalizador e momentos de aprendizaxes específicos. Establecer rutinas para algunhas actividades, respetando ritmos irregulares de traballo.
- Agrupamentos: combinar gran grupo, pequeno grupo e traballo individual

## EDUCACIÓN PRIMARIA

A Educación Primaria ten como finalidade favorecer o desenvolvemento persoal do/a neno/a para que se integre no grupo social ao que pertence, actuando dun xeito autónomo e creativo.

O/a titor/a permanecerá durante dous cursos co mesmo grupo e coordinará ao equipo educativo, dando unha resposta educativa diferenciada ás dificultades atopadas no proceso de ensino-aprendizaxe, en colaboración cos/as especialistas e servizos psicopedagóxicos. Este aspecto será modificado ao entrar en vigor na súa totalidade a LOMCE.

As principais fontes de aprendizaxe nesta etapa son a acción, a experimentación e o xogo.

É recomendable:

- Distribuir o espazo da aula para permitir actividades autónomas e compartidas que estimulen as destrezas motoras, a exploración e o descubrimento, atendendo ás necesidades físicas, afectivas, de movemento, de utonomía e de responsabilidade.
- Os recursos materiais e didácticos deberán ser variados para que esperten o interese do alumnado estimulando o maior número de sentidos.
- Organizar e distribuir o tempo da clase para que exista un equilibrio entre tarefas de traballo individual, de pequeno grupo e de gran grupo. A maior parte do tempo invertirémolo en facer tarefas de indentificación e distribución do traballo, na realización de actividades polos alumnos e no intercambio e reflexión sobre o traballo realizado.
- Favorecer as relacións entre a escola e a familia para manter unha comunicación fluida que permita intercambiar información e unificar actuacións.
- É na programación de aula onde determinaremos dun xeito o máis explícito e funcional posible que, como e cando ensinar e avaliar, no contexto dun aula e dun alumnado concreto.
- Intentar unha metodoloxía de traballo por proxectos.
- Diseñar tarefas que faciliten a adquisición das competencias.

Para determinar as necesidades educativas dun/unha alumno/a cómpre realizar sempre unha avaliación inicial a partir da documentación, as entrevistas cos/as titores, profesores/as... Se fose preciso faráse unha avaliación complementaria do desenvolvemento cognitivo, lingüístico, socioafectivo...coa colaboración do DO. Esta avaliación inicial permitiranos determinar as necesidades educativas dun/unha alumno/a ou do grupo, realizar os axustes precisos, deseñar unha programación de aula e detectar se un/unha alumno/a presenta nee e si é necesario elaborar unha ACI.

Os materiais curriculares deben ser variados e de utilización diversa, considerando a avaliación como un aspecto máis no contínuo do proceso de ensino-aprendizaxe que permita facer as modificacións necesarias.

## FAMILIAS

As familias teñen necesidade de :

- Saber o que os/as seus/súas fillos/as fan ben, os aspectos positivos do seu desenvolvemento .
- Ter información do traballo escolar que se realiza cos/as seus/súas fillos/as, coñecer as prioridades de aprendizaxe e evolución.
- Que se lles ofrezca disposición e tempo para falar con confianza da evolución dos seus fillos.
- Que o/a seu/súa fillo/a sexa acollido/a no centro .
- Que se lles facilite información para porse en contacto con institucións, grupos de autoaxuda, asociacións de pais con problemáticas similares, etc.
- Información sobre os apoios que van recibir os/as seus/súas fillos/as.
- Participar na xestión do centro a través do Consello Escolar, Asociación de Pais, Talleres, Escola de Pais...

A relación coas familias terá como cauce principal a tutoría, deixando dentro do plano de acción tutorial un tempo para facilitarlles e recibir información do/a seu/súa fillo/a.

## **8.- PAUTAS E OBXECTIVOS DE INTERVENCIÓN XERAIS EN FUNCIÓN DAS NEAE DO NOSO ALUMNADO**

### NEAE ASOCIADO A TEA

A intervención con este alumnado deberá ser global, transversal, interdisciplinar e que conte coa implicación da familia e do entorno social.

- Crear un ambiente estruturado, predecible e fixo que lle permita saber en todo momento o que vai acontecer.
- Situalo na aula preto das fontes de información, evitando distraccións.
- Evitar exceso de elementos que supoñan unha sobreestimulación e actúen como distractores.
- Establecer unha axenda individual onde se recollan , de forma visual, os horarios, as persoas , as tarefas a realizar...

- Establecer unhas pautas de actuacións común para todas as persoas que inciden neste alumnado: profesorado, coidadoras, ils...
- Utilización de estratexias baseadas na aprendizaxe sen erro.
- Empregar unha linguaxe clara e precisa sen uso de dobre sentido, sentido figurado ou ironía.
- Darlle explicacións claras e sencillas e cerciorarnos de que as entendeu.
- Supervisar o seu traballo para comprobar que o está facendo e reconducilo se fose preciso.
- Anticiparlles o contido a traballar en cada área, informándolle dos pasos que cómpre dar para realizar as tarefas.
- Dividir as tarefas noutras máis pequenas establecendo pasos intermedios.
- Uso axeitado dos recursos tecnolóxicos como axuda no proceso de ensino aprendizaxe.
- Pontenciamento dos puntos fortes como punto de partida para potenciar o desenvolvemento das funcións cognitivas que lle axuden a acceder ao mundo social ( adaptación da comunicación ao contexto e ás persoas, competencias lingüísticas, semánticas e pragmáticas, habilidades mentalistas, regulación emocional , xogo e imaxinación e flexibilidade e adaptación aos cambios.
- Fomentar o traballo cooperativo ou por parexas.
- Non dar aprendizaxes por supostas.
- Provocar situacións nas que teña que falar e expresarse.
- Proporcionar aprendizaxes funcionais e a súa xeneralización.
- Facer apoio conductual positivo diante dos problemas de conducta, a través de mellorar as habilidades de comunicación social , planificación e flexibilidade.

#### NEAE ASOCIADAS A TRASTORNO DO DESENVOLVEMENTO INTELECTUAL

Teremos en conta diversos ámbitos de intervención: cognitivo, emocional, da linguaxe, de adaptación social e curricular.

- Diseñar programas que teñan en conta estratexias cognitivas e de aprendizaxe.
- Incidir no plano persoal intentando mellorar a autoestima e as habilidades sociais e de adaptación.
- Diseñar tarefas que sexan asequibles e nas que teña posibilidades de éxito.
- Evitar a sobreprotección.



- Fomentar unha participación efectiva nas diversas actividades de grupo (mediar co grupo).
- Realizar os axustes precisos no currículo ordinario.
- Facilitar a discriminación e acceso aos núcleos de aprendizaxe a través de instrucións sinxelas, vocabulario accesible, apoio visual, organizadores previos...).
- Partir do concreto e significativo para o alumnado.
- Utilizar mecanismos de axuste (frases curtas, énfasis na entonación, repetición das ideas principais...).
- Emprego, en situacións funcionáis de estratexias que favorezan o desenvolvemento lingüístico ( extensión, expansión, feed back...).
- Traballar todos os ámbitos: cognitivo, afectivo, motórico e linguaxe.
- Traballar a autonomía persoal.
- Axustar a resposta educativa ás súas necesidades.
- Promover aprendizaxes funcionáis.
- Desenvolver conductas adaptativas.
- Traballar a atención e a memoria.
- Traballar o control conductual e a metacognición.
- Traballar o procesamento da información en todas as súas fases: entrada, proceso e saída.
- Traballar a capacidade de comprender e expresar información.
- Mellorar a autonomía e a capacidade de autorregulación para gobernar a propia conducta.

#### NEAE ASOCIADAS A TDAH

- Diseño dun ambiente estruturado de traballo.
- Evitación de fontes de estímulos innecesarias ( ruido, material innecesario, situación no espazo...) para intentar que se centre no material de aprendizaxe.
- Proponerlle tarefas posibles, curtas, ben clarificadas e secuenciadas para que as finalice.
- Cando se dan consignas comprobamos que as entendeu repreguntándolle.
- Supervisión continua da realización das tarefas e empregar o reforzo positivo.

- Intentar unha reflexión previa á resposta para evitar a impulsividade, aumentando a súa atención dándolle información.
- Planificar actividades que impliquen distintas formas de movemento físico e distensión cada certo tempo.
- Intentar que asuma responsabilidades na clase ( ordar material, limpar certos obxectos, repartir...) para mellorar a súa autoestima sentíndose partícipe.
- Dispoñer dun rincón de tranquilidade ao que poida acudir cando entenda que non pode controlar o seu excesivo movemento.
- Entrenamento conductual cognitivo : emprego da linguaxe e o pensamento para intentar autodirixir a súa conducta e aprendizaxe.
- O profesorado propón unha tarefa que requira certa atención e realiza un modelado diante do alumnado de como facela ao tempo que verbaliza en voz alta o xeito de realizala.
- O alumnado , a continuación, realiza a mesma tarefa pero guiado polas instruccións do profesorado.
- Despois pedímoslle que realice autoverbalizacións ao tempo que nós as imos retirando.
- Pouco a pouco intentamos que automatice unha secuencia de autoinstruccións para empregar ao realizar unha tarefa.
- Debemos intervir para evitar as autoverbalizacións negativas por parte do alumnado, aclararlle cal é o obxectivo do entrenamento e non ser excesivamente ríxidos senón, adaptarnos un pouco ás características de cada alumno/a.
- Relaxación de grupos de músculos ( contraer e relaxar) buscando o contraste; visualización de imaxes ( manter a vista fixa nun obxecto para despois pechar os ollos e recordar as características do mesmo) e a relaxación por suxestión ( nunha posición axeitada, imos describindo unha situación agradable).

#### NEAE ASOCIADAS A DIFICULTADES ESPECÍFICAS DE APRENIZAXE

- Mellorar a lectura e a escritura e cálculo.
- Entrenamento para mellorar a atención e a memoria de traballo.
- Aumentar o vocabulario e a fluidez verbal.
- Traballar os aspectos metacognitivos e de procesamiento lingüístico: conciencia fonolóxica (Discriminación e recoñecemento de fonemas en calquera posición, segmentación de palabras en sílabas e fonemas, comparación de unidades

lexicales, rimas, ...), componentes suprasegmentales ( entonación, ritmo, duración...), procesamiento sintáctico e semántico.

- Traballar con matrices de palabras por escrito e oralmente.
- Traballar os aspectos perceptivomotrices e neuromotrices.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e en equipo.
- Proñoer actividades nas que poidan ter éxito.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas: cálculo básico, xeometría, estimacións.
- Proporcionar reforzos polas actuación constructivas.
- Empregar unha secuencia que vaia do concreto ao abstracto.
- Priorizar contidos básicos.
- Empregar verbalizacións ao tempo que se resolve o problema.
- Estratexias cognitivo-conductuales: entrenamiento autoinstruccional.
  
- Centrarse na ensinanza de estratexias básicas de cálculo e resolución de problemas.

#### NEAE ASOCIADAS AO ALUMNADO TALENTOSO

- Emprego dunha metodoloxía flexible e aberta.
- Aprendizaxe por descubrimento, cooperativo, por proxectos de investigación...
- Favorecer a autonomía nas aprendizaxes, apoiando iniciativas ou proxectos que xurdan de xeito espontáneo.
- Facilitar a adquisición de estratexias de búsqueda da información e plantexamento de preguntas.
- Pontenciar o pensamento diverxente.
- Desenvolver o xuízo crítico, ensinando a aceptar as críticas e as discrepancias, potenciando a autocrítica.
- Favorecer a súa autoestima.
- Axudalos a integrarse socialmente, traballando a aceptación por parte do grupo a nivel social e afectivo.
- Facerlle propostas de traballo abertas.
- Procurar tarefas de enriquecemento horizontal.

## **9.- CONCRECIÓN DO PLAN**

A concreción farase cada curso escolar en función das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles.

No presente curso escolar a concreción dos apoios estará determinada pola prioridade de atender ao alumnado que presente necesidades educativas permanentes e adaptacións no currículo. Na atención ao resto do alumnado con nee priorizaranse os cursos baixos sempre que non haxa suficiente disponibilidad horaria por parte do profesorado especialista e con horas a disposición. Contará co consentimento das familias e do equipo directivo.

Teremos sempre en conta a todos os sectores que inciden no proceso educativo do alumnado: pais/nais, profesores/as, compañeiros/as, asociacións e institucións.

No presente curso, dada a situación de catástrofe na que nos atopamos, e en función de cómo evolucione a pandemia, en caso de confinamento faremos unha adaptación do plan:

## **10.- ADAPTACIÓN DE INDICADORES POLA PANDEMIA**

No punto 1. Coñecemento:

En coordinación co profesorado titor e os/as especialistas, informarse da situación de todo o alumnado, especialmente do que ten nee, e dos recursos de que dispoñemos para chegar a eles.

Informarse , mediante chamadas telefónicas ás familias, da situación emocional deste alumnado durante o confinamento.

Informarse das necesidades do profesorado en canto a recursos e dúbidas sobre os aspectos relacionados coas tarefas que se proponen, avaliación e promoción ( a través de chamadas telefónicas, videoconferencias, correo electrónico.):

No punto 2. Planificación:

Asesorar sobre aspectos importantes relacionados coa organización e prioridades no traballo co alumnado, facendo especial fincapé na preparación de tarefas que leven a un traballo competencial.

Elaboración de AC pensando no próximo curso académico do alumnado con nee que o precise.

Empezar a preparar un Plan de Acción Titorial enfocado ao próximo curso académico.

No punto 3. Intervención

No apartado de prevención:

Dados os desaxustes detectados e a descompensación de desigualdade do alumnado en canto a medios e recursos de acceso as actividades, incidir na necesidade de priorizar aprendizaxes instrumentais (lectura, escritura e cálculo) como reforzo para uns e compensación para os máis desfasados e desconectados do currículo.

Charlas informativas, a través de videoconferencias, por niveis e ciclos, con todo o profesorado para resaltar a importancia de repasar o dado nos dous primeiros trimestres do curso e a obriga de non dar contidos novos.

Colaborar co equipo directivo na detección do alumnado con menos recursos e máis dificultades de comunicación para facerlles chegar material, previamente preparado cos/as titores/as, dende o centro aos seus domicilios.

Insistir e asesorar na importancia das estratexias metodolóxicas neste momento, tratando de propoñer tarefas que teñan unha menor carga conceptual e nas que predominen os aspectos procedimentais e actitudinais.

Asesoramento ás familias dándolle información e estratexias para afrontar os conflitos e as situación de estrés e ansiedade que se produzan.

No apartado de educativas:

Asesorar na elaboración , conxuntamente co equipo directivo, dunha nova estrutura organizativa, axudando ao profesorado, a través dos especialistas en Pt e Al , na elaboración de actividades para o alumnado con neae.

Corrección das actividades como medio de retroalimentación e motivación para o alumnado e como avaliación diagnóstico-formativa para planificar o próximo curso académico.

Preparación conxuntamente coas especialistas de EI do período de adaptación do alumnado de novo ingreso e da charla aos país a celebrar, si é posible, no mes de xuño, na que se entregará a documentación informativa sobre aspectos a traballar no verán e recomendacións para o control de esfínteres así como relativos a aspectos organizativos ( horarios, mandilós...).

Asesorar ao profesorado na elaboración das AC e os plans de recuperación do alumnado repetidor.

Seguimento das familias, via telefónica, para axudarlles na resolución de conflitos que vaian xurdindo.

Mantendo contacto cos servizos sociais do Concello, e con Menores, que tutelan a alumnado do noso centro.

Asesoramento a todo o persoal docente sobre dúbidas que vaian xurdindo no desempeño da súa función nestas circunstancias extraordinarias.

Vigo a 1 de outubro de 2020

O Xefe do D.O.

Asdo: Jesús Abel Souto